



PROXECTO ERASMUS +

2023/2027

SELECCIÓN DE CANDIDATOS A MOBILIDADES DE GRUPO

CRITERIOS

PROXECTO: 2026-1-ES01-KA121-SCH-000421202

“NEXT4EU

Inclusion · Diversity · Digital Transformation · Green Action”

Selección de estudantes de 4º de ESO e 1º de bacharelato que participan na mobilidade a Titu (Romanía) do 7 ao 11 de decembro de 2026

O alumnado que teña intención de participar no proxecto **Erasmus+** “Voices Across Borders ” no IES Xesús Taboada Chivite deberán encher un formulario que se axustará a estes criterios:

Criterios de selección das candidaturas:

1. Estar en condicións de recibir a un alumno/a estranxeiro/a na súa casa (ter unha cama individual dispoñible) **(40 puntos)**
2. Méritos académicos (media final no curso 2025/26) **(10 puntos)**
 - 9.5 a 10= 10 puntos
 - 8.5 a 9.4= 8 puntos
 - 7.5 a 8.4= 6 puntos
 - 6.5 a 7.4= 4 puntos
 - 5 a 6.4 = 2 puntos
 - < 5= 0 puntos
3. Nota media final en inglés no curso 2025/26 **(10 puntos)**
 - 10 = 10 puntos
 - 9= 8 puntos
 - 8= 6 puntos
 - 7= 4 puntos
 - 6= 2 puntos
 - < 6= 0 puntos
4. Por pertencer ao Club Erasmus **(4 puntos por ano, máximo 20 puntos)**
5. Por pertencer a familia numerosa ou monoparental **(2 puntos)**
6. Por participar activamente en actividades do centro **(ata 21 puntos)**
 - Consello escolar
 - Musical

- Radio
- Club de ciencia
- Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo
- Club de lectura
- Dinamización lingüística

7. Por vivir a máis de 5 km do centro **(2 puntos)**
8. Por vivir a máis de 10 km do centro **(5 puntos)**
9. Por inclusión educativa (condicións persoais e sociais acreditadas no departamento de Orientación) **(20 puntos)**
10. Entrevista persoal individual á/o alumna/o co comité de selección formado por membros do equipo Erasmus **(ata 50 puntos)**
11. Madurez, comportamento, actitude, autonomía e resiliencia **(ata 10 puntos)**.
Esta puntuación será outorgada por membros do equipo docente de cada candidato/a. **A puntuación final será a media aritmética das cualificacións recibidas.**
12. Non ter participado en proxectos internacionais no centro durante o presente curso **2026-27 (ata 20 puntos)**
13. Para participar nestas actividades é necesario estar cursando 4º de ESO ou 1º de bacharelato no **IES Xesús Taboada Chivite**.
14. Para resolver os casos de empate na puntuación final, **atenderase á maior puntuación nos criterios na mesma orde na que están enumerados.**
15. A comisión de selección **poderá valorar a idoneidade das persoas** candidatas tendo en conta a súa participación en incidentes graves relacionados coa convivencia escolar ou co desenvolvemento de mobilidades Erasmus+ anteriores, sempre que estes feitos estean debidamente documentados e poidan afectar ao correcto desenvolvemento da mobilidade.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

ATA O DÍA 25 DE SETEMBRO ÁS 23:59 HORAS

Verín, 16 de setembro de 2026

O Director



César Sánchez Pampín